

O BNG pide hoxe no Congreso o impulso da literatura galega

M. P.

GALICIA

politica@xornaldegalicia.com

A Comisión de Cultura do Congreso dos Deputados debate hoxe unha proposición non de lei do voceiro do BNG, Francisco Jorquera, na que se insta o Goberno a impulsar a literatura galega –así como a vasca e a catalá– e que asuma así “a multiculturalidade e o plurilingüismo existente no Estado”.

Esta proposición xurdiu a iniciativa de Galeusca, federación que

une as asociación de escritores en galego, éuscaro e catalán, e cuxa presidencia rotatoria recae agora na agrupación galega.

A federación, que xunta máis de 2.000 escritores, reclama “un trato equivalente fronte á tendencia a considerar só a narrativa que se expresa en lingua española”. Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, destaca que a proposición pretende “que o Estado colabore na proxección exterior e na consolidación exterior das literaturas

de todas as linguas oficiais de España en pé de igualdade”

A proposta pide “reequilibrar a actuación ministerial nesta materia” a través de catro puntos: a presenza nos xurados e demais actos dos escritores de todas as linguas, o recoñecemento como interlocutores das diferentes asociacións estatais, o apoio económico a estas e a súa presenza en organismos dependentes do Ministerio. Cesáreo Sánchez amósase “moi optimista” ante o “presumible apoio maioritario” á devandita proposta. ■